

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

### **5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Docente:**

**Francisco Yáñez Calviño**

**C.P.I. Fonte-Díaz, Touro**

**Terceiro trimestre 2019-2020**

## ÍNDICE

1. Presentación e contextualización da Adaptación didáctica. PÁX. 3.
2. Obxectivos de Lingua Castelá e Literatura. PÁX. 4.
  - 2.1. Obxectivos por temas do 5º curso no terceiro trimestre. PÁX. 6.
3. Competencias básicas. PÁX. 8.
4. Unidades didácticas. PÁX. 11.
5. Metodoloxía didáctica. PÁX. 14.
  - 5.1. Metodoloxía didáctica, considerando as competencias como elemento organizador. PÁX. 14.
  - 5.2. Recursos didácticos e organizativos. PÁX. 15.
  - 5.3. Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe. PÁX. 17.
    - 5.3.1. Actividades referidas ao libro. PÁX. 17.
    - 5.3.2. Actividades de reforzo e complementarias. PÁX. 18.
6. Avaliación. PÁX. 19.
  - 6.1. Consideracións específicas para a obtención da nota numérica. PÁX. 19.
  - 6.2. Consideracións específicas para o terceiro trimestre nota numérica. PÁX. 20.
  - 6.3. Recuperación e reforzos ante unha avaliación negativa. PÁX. 20.
7. Información e publicidade da presente Adaptación da programación. PÁX. 21.
8. Anexos. PÁX. 22.

## **1. PRESENTACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA ADAPTACIÓN DIDÁCTICA.**

Conforme ao disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, presentamos neste documento a Adaptación da nosa programación para a área de Lingua Castelá e Literatura de cara ao devandito terceiro trimestre no 5º curso de Educación Primaria do C.P.I. Fonte Díaz de Touro (A Coruña), dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Na medida do posible, tentaremos manter aqueles obxectivos, competencias e contidos que consideramos se poden impartir nunha situación de ensino-aprendizaxe telemática como a que estamos a desenvolver nesta área desde a semana mesma que sucedeu á declaración no Estado español do Estado de Alarma motivado pola COVID-19 (actividades de ensino cuxas tarefas semanais se atopan a disposición de familias e Administración educativa na páxina web do C.P.I. Fonte Díaz).

Obviamente, cuestións relacionadas coa metodoloxía, coas actividades desenvolvidas, cos recursos utilizados, coas canles de comunicación coas familias, e coa avaliación sufrirán unha alteración con respecto á programación didáctica presentada por este mesmo docente con data do 7 de outubro de 2019. Así pois, neste documento sinalaremos tanto os apartados que consideramos podemos manter da programación orixinal con respecto ao xa sinalado para o terceiro trimestre, como aqueles que modifican os anteriores ou os que engaden novas consideracións didácticas e de avaliación.

Ao longo deste documento de Adaptación da programación sinalamos diversos apartados e textos en negriña: aqueles que destacan especificacións que confirman ou remarcan consideracións que coidamos de interese.

Trátase, en global, de combinar o avance en contidos doadamente asimilables polo alumnado vía telemática (co apoio do libro e do docente), coa programación de actividades de reforzo, así como de talleres de lectura, escritura, cine e radio, conforme vimos realizando durante o curso 2019-2020. Posto que este documento se está a realizar dous meses despois da declaración do Estado de Alarma, de acordo coas citadas Instrucións do 27 de abril de 2020, podemos xa confirmar que o seguimento desta programación está a ser maioritario e a cumprir cos obxectivos de progreso na materia da área e de reforzos que nos propoñemos no presente documento. O docente desta área, en coordinación coa titora do grupo, mantén reunións periódicas vía videoconferencia co grupo de docentes para seguir e avaliar o desenvolvemento desta programación e das actividades de aprendizaxe.

Con respecto á Programación didáctica orixinal do 7 de outubro de 2019, retiramos deste documento de Adaptación para o terceiro trimestre os apartados que son de orde xeral (cuxa consulta pode ser realizada a través do devandito documento disposto para consultas no colexio, posto que non son modificados), namentres que introducimos un último apartado de anexos que coido relevante para exemplificar o tipo de actividades e comunicación que se está a dar coas familias e co alumnado.

Asemade, coido que é importante destacar que, en xeral, estase a desenvolver unha comunicación fluída, semanal e moi positiva coas familias, ás que notificará a dispoñibilidade deste documento de Adaptación da programación, así como se lles especificará de xeito inmediato o que se refire aos criterios e metodoloxía de avaliación do presente curso na área de Lingua castelá e literatura (Ver punto 7).

## 2. OBXECTIVOS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.

**Polo que aos obxectivos se refire, non se producen alteracións nesta Adaptación da programación didáctica;** unicamente cómpre salientar que os referidos ás dinámicas de grupo e convivencia non poden ser ampliados de forma presencial (aínda que si no traballo telemático e encontros virtuais entre os docentes e discentes, así como nos grupos de traballo na plataforma virtual *Classroom*), mais **existen obxectivos que coidamos se poden reforzar durante o confinamento; en especial, os que destacamos: a) e i).**

Tal e como propón a LOMCE, mantemos nesta Adaptación da programación didáctica a relación directa entre os obxectivos que formulamos para este curso na área de Lingua Castelá e Literatura e as competencias que debemos fomentar no alumnado.

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) <b>Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.</b>	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais
e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.	Comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
i) <b>Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes</b>	Dixital. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

**que reciban e elaboren.**

- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.  
Sociais e cívicas.  
Conciencia e expresións culturais.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, destacando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
- Sociais e cívicas.  
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.  
Conciencia e expresións culturais.

## **2.1. OBXECTIVOS POR TEMAS DO 5º CURSO NO TERCEIRO TRIMESTRE.**

**Como norma xeral, polo que se refire aos obxectivos e aos contidos, retiramos da programación aqueles máis complexos e que precisan explicación presencial por parte do docente:** en Lingua castelá e Literatura, os agrupados no apartado de Gramática de cada un dos temas que a continuación se especifican; **mantendo, pola contra, aquelas secuencias de obxectivos e contidos doadamente accesibles para o alumno**, abrindo, en todo caso, a porta á consulta co docente polas vías de contacto coas familias que se especifican nesta mesma programación.

### **TEMA 11**

- Potenciar estratexias de comprensión lectora e a realización de inferencias.
- Ler comprensivamente varios poemas e exercitar a súa lectura expresiva.
- Recitar poemas usando o ritmo adecuado e unha dicción e entoación correctas.
- Interpretar o significado de diferentes poemas con axuda de actividades de comprensión lectora.
- Coñecer o significado de locucións frecuentes na fala cotiá.
- Adquirir coñecementos para componder poemas e exercitarse na súa produción.
- Resumir textos a partir do subliñado das palabras clave.
- Exercitar a atención visual, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

### **TEMA 12**

- Ler comprensivamente unha narración inspirada no mundo do periodismo.
- Desenvolver a capacidade de realizar inferencias lóxicas.
- Reflexionar sobre a figura de Gandhi e o seu pensamento.
- Coñecer o significado de frases feitas de uso habitual.
- Extractar a información nuclear dun texto utilizando un esquema de chaves.
- Exercitar a atención visual, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

### **TEMA 13**

- Ler comprensivamente unha narración con pinceladas humorísticas.
- Potenciar estratexias de comprensión lectora e a realización de inferencias.
- Diferenciar palabras homófonas coas letras y / ll.
- Aprender refráns populares e comprender o seu significado.
- escoitar e interpretar adecuadamente diferentes mensaxes publicitarias.
- Inventar e expresar oralmente diferentes eslógans publicitarios cunha dicción adecuada.

- Analizar anuncios publicitarios e comprender os recursos expresivos habituais nesta tipoloxía textual.
- Elaborar carteis publicitarios seguindo pautas.
- Sintetizar a información dun texto utilizando un esquema de barras.

#### **TEMA 14**

- Desenvolver a capacidade de efectuar inferencias lóxicas.
- Ler comprensivamente un cómic interpretando os seus elementos textuais e visuais.
- Diferenciar palabras homófonas coas letras b / v.
- Distinguir palabras homófonas polo contexto lingüístico.
- Saber que son as onomatopeas e usalas oportunamente.
- Dialogar e conversar sobre cómics.
- Analizar a linguaxe do cómic e practicar a súa escritura pautada.
- Elaborar un mapa conceptual a partir da información dun texto.
- Exercitar a atención, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

#### **TEMA 15**

- Interpretar o contido de textos informativos relacionados coas bibliotecas.
- Compartir experiencias e opinións persoais sobre as bibliotecas e experiencias persoais relacionadas co seu uso.
- Coñecer e valorar positivamente as actividades que poden desenvolverse nunha biblioteca.
- Diferenciar palabras homófonas con h e sen h.
- Distinguir palabras homófonas polo contexto lingüístico.
- Identificar as principais partes que forman un libro.
- Ampliar o léxico relacionado co mundo dos libros e as bibliotecas coa axuda do dicionario.
- Conversar e dialogar sobre libros e preferencias lectoras.
- Realizar unha ficha de lectura dunha obra narrativa.
- Recoñecer as ideas básicas dun texto para titulalo adecuadamente.
- Exercitar a atención, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

### 3. COMPETENCIAS BÁSICAS

Na nosa Adaptación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020, na área de Lingua Castelá e Literatura propoñemos as seguintes competencias básicas que queremos fomentar no noso alumnado do 5º curso de Primaria.

**En destacado, engadimos e sinalamos algunhas consideracións que coidamos reforzan o traballo destas competencias desde a situación extraordinaria que vivimos no marco do estado de alarma motivado pola COVID-19.**

#### Competencia lingüística

- Comprender e producir mensaxes orais que conteñan feitos, coñecementos e opinións **(a través das gravacións e programas de radio)**.
- Adquirir técnicas de redacción aplicables a calquera escrito **(con produción de textos baseados ou relacionados coa pandemia, así como fomentado a reflexión e responsabilidade individual nestes)**.
- Ler e comprender de forma autónoma textos literarios en prosa e en verso.
- Comprender e utilizar a terminoloxía propia do ciclo: tipos de textos, clases de palabras, mecanismos básicos de formación do léxico.
- Mostrar interese pola lectura e pola escritura como instrumentos para relacionarse cos demais e para aprender.
- Adaptar o significado das palabras ao contexto.
- Buscar, recopilar e procesar a información.
- Valorar os textos literarios como forma de comunicación, fonte de coñecemento e recurso de gozo persoal.
- Expresar adecuadamente ideas e emocións.
- Poñer en práctica os coñecementos e estratexias para escribir correctamente, mediante o estudo das normas ortográficas básicas, das normas de puntuación e acentuación e do estudo de todas as clases de palabras.
- Comprender e saber comunicar as normas de uso da linguaxe.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.

#### Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Coñecer os números na súa forma escrita, relacionándonos con medidas e estruturas.
- Interactuar responsablemente co medio a través de accións que favorezan a conservación do medio natural **(relacionando, de xeito especial, a súa responsabilidade individual coas normas do estado de alarma e a súa repercusión de cara á superación da pandemia)**.

#### Competencia dixital

- **Consultar un diccionario en internet.**
  - Transformar a información en coñecemento.
  - **Valorar o coñecemento científico.**
  - **Buscar, seleccionar e rexistrar a información.**
  - Traballar en contornos de colaboración **(nomeadamente, coas familias)**.
- (Todas as competencias dixitais son especialmente potenciadas nesta Adaptación da programación para o terceiro trimestre, dado o tipo de docencia en liña que se desenvolve, e dado que o acceso á información de**



**traballo se desenvolve, en alto grao, por medio de medios dixitais e virtuais).**

### **Competencia para aprender a aprender**

- Manexar de xeito eficaz os recursos do traballo intelectual.
- Favorecer a motivación e o gusto por aprender.
- Xestionar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Acceder ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe.

**(Igualmente, a situación que vivimos neste terceiro trimestre implica que a competencia para aprender a aprender, así como a autoxestión da aprendizaxe se potencien especialmente nesta Adaptación da programación).**

### **Competencias sociais e cívicas**

- **Localizar e obter información.**
- **Valorar o coñecemento científico e cultural (cunha especial mención para a valoración dos coñecementos científicos, tanto de investigación como médicos, pola situación vivida, algo que se potencia nos textos de creación e investigación propostos).**
- **Mostrar actitude de respecto ante as normas (novamente, cunha especial relevancia conforme ao Estado de alarma decretado no país).**
- **Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.**
- **Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.**
- **Crear un sistema de valores propio baseado no respecto.**
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que estes transmiten.

**(A través de traballos de escritura, así como das postas en común e das mensaxes ás familias e aos alumnos, incídese acotío nas cuestións de orde social e cívica, fundamentais no Estado de alarma, relacionados coas competencias deste apartado, cuxo desenvolvemento coidamos crucial nesta situación).**

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

- Desenvolver a autoestima ante a creación dos propios textos.
- **Comunicarse cun mesmo, analizar problemas, elaborar plans e tomar decisións.**
- Empregar a linguaxe para organizar o pensamento, comunicar afectos, regular emocións.
- Adquirir conciencia das situacións nas que se quere intervir ou resolver.
- Planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

**(Este grupo de competencias tamén nos parecen especialmente activadas na Adaptación do terceiro trimestre, por canto a iniciativa e o emprendemento na realización e autoxestión de tarefas nos parece fundamental, sen que isto negue a axuda e o apoio do docente para guiar o desenvolvemento destas actividades cando sexa preciso, para o cal se abren as liñas de contacto coas familias e de titorización que se especifican nesta Adaptación da programación).**

## **Conciencia e expresións culturais**

- Ler, comprender e valorar as obras literarias.
- Ser capaz de converter os contidos e as formas entre distintas linguaxes artísticas **(Cunha mención especial ao referido ao Taller de cinematógrafo que realizamos nas horas de lectura: taller que recolle especialmente o sentido desta competencia cunha vontade interdisciplinaria e intercultural; nomeadamente, polo centro de interese do curso 2019-2020 no noso centro: "A volta ao mundo")**.
- Comprender, apreciar e valorar as manifestacións culturais e artísticas.
- Expresarse con imaxinación e creatividade.
- Ser consciente da importancia dos factores estéticos na vida cotiá.
- Apreciar a creatividade a través dos diferentes medios artísticos.

#### **4. UNIDADES DIDÁCTICAS**

**Durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020**, e seguindo o modelo do libro de texto da editorial Vicens Vives, **propoñemos as seguintes unidades didácticas, cuxos obxectivos, competencias e contidos son modificados conforme ao especificado nesta Adaptación da programación:**

**Terceiro trimestre: Unidades 11 a 15.**

Detallamos, na seguinte listaxe, as sucesivas competencias que pretendemos adquiran os nosos alumnos en cada tema, ademais das aprendizaxes que se consolidan e os contidos referidos á expresión oral, lectura, escritura, gramática, ortografía, vocabulario e técnicas de estudo. **Estas unidades didácticas conforman o eixe fundamental da nosa programación, xunto coas actividades complementarias e de reforzo que iremos programando especificamente para o estado de confinamento, tal e como se detallan nesta Adaptación da programación. Conforme sinalamos en apartados previos, elimínanse das Unidades didácticas os contidos de Gramática, que pasarán a ser programados e reforzados no vindeiro curso con este mesmo grupo-clase, no nivel de 6º de Educación Primaria.**

##### **TEMA 11. Poesías**

LER E COMPRENDER

Texto poético.

Comprensión de versos.

Identificación de personaxes.

VOCABULARIO

As locucións.

ESCOITAR E FALAR

Recitar poemas.

ESCRIBIR

A poesía.

TÉCNICAS DE ESTUDO

O resumo (II)

O TRASNO DAS PALABRAS

Poema.

Eficacia lectora.

AVALÍO AS MIÑAS COMPETENCIAS

Aprender a aprender.

##### **TEMA 12. Noticias**

LER E COMPRENDER

Texto periodístico.

Identificación de oracións da lectura.

VOCABULARIO

As frases feitas.

ESCOITAR E FALAR  
Informar e opinar.

ESCRIBIR  
Escribir noticias.

TÉCNICAS DE ESTUDO  
O esquema

O TRASNO DAS PALABRAS  
Frases feitas.  
Eficacia lectora

AVALÍO AS MIÑAS COMPETENCIAS  
Sociais e cívicas.

### **TEMA 13 Vivenda comfortable**

LER E COMPRENDER  
Texto narrativo.  
Relación de personaxes con accións.

ORTOGRAFÍA  
Palabras homófonas con LL/Y.

VOCABULARIO  
Os refráns.

ESCOITAR E FALAR  
As mensaxes publicitarias.

ESCRIBIR  
Os anuncios publicitarios.

TÉCNICAS DE ESTUDO  
O esquema de barras.

O TRASNO DAS PALABRAS  
Refráns.  
Eficacia lectora.

AVALÍO AS MIÑAS COMPETENCIAS  
Matemática, ciencias e tecnoloxía.  
Aprender a aprender.

### **TEMA 14. Cómic**

LER E COMPRENDER  
Cómic.  
Identificación de personaxes.

ORTOGRAFÍA  
Palabras homófonas con B/V.

VOCABULARIO  
As onomatopeas.

ESCOITAR E FALAR  
O cómic.

ESCRIBIR  
O cómic.

TÉCNICAS DE ESTUDO  
O mapa conceptual.

O TRASNO DAS PALABRAS  
Sudoku.  
Eficacia lectora.

AVALÍO AS MIÑAS COMPETENCIAS  
Matemática, ciencias e tecnoloxía.

### **TEMA 15. Biblioteca de verán**

LER E COMPRENDER  
Texto discontinuo.  
Identificación de oracións da lectura.

ORTOGRAFÍA  
Palabras homófonas con H e sen H.

VOCABULARIO  
O libro: partes e léxico.

ESCOITAR E FALAR  
Falar de libros.

ESCRIBIR  
Facer unha ficha de lectura dunha obra narrativa.

TÉCNICAS DE ESTUDO  
Titular un texto.

O TRASNO DAS PALABRAS  
Discriminación visual.  
Eficacia lectora.

AVALÍO AS MIÑAS COMPETENCIAS  
Conciencia e expresións culturais.  
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## 5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Debido á situación de confinamento actual, a cuestión da metodoloxía didáctica cobra unha especial relevancia; se ben cómpre sinalar que o alumnado debe autoxestionar especialmente o desenvolvemento das actividades, polo cal se pretender dar pautas de traballo moi concretas para o desenvolvemento das actividades, tendo en conta que o traballo se organiza en dous grandes bloques neste terceiro trimestre:

- O desenvolvido co libro da editorial Vicens Vives, que seguimos nos formatos dixital e de papel segundo cada familia teña a ben. Como se especificou nos apartados previos desta Adaptación da programación, procedeuse a eliminar das competencias e contidos aqueles que esixen unha maior explicación por parte do docente: contidos que serán reforzados e incorporados á programación do curso 2020-2021.

- O desenvolvido por medio de talleres de escritura, do Taller de cine desenvolvido nas horas de Lectura, o taller de radio asociado ao anterior (e que tamén abrimos aos outros talleres de escritura), redaccións, traballos e investigación, obras de teatro, e todo un conxunto de actividades de reforzo que implican unha metodoloxía distinta. Porén:

como os distintos apartados especificados neste punto 5, da Metodoloxía didáctica, xa inciden nun ensino globalizado, crítico, de autoxestión e iniciativa persoal, moitos deles sérvennos especificamente para guiar o desenvolvemento das competencias, dos contidos e das actividades que propomos ás familias e ao alumnado durante o período de docencia en liña motivado polo confinamento pola COVID-19.

**5.1. Metodoloxía didáctica, considerando as competencias como elemento organizador.**

Co obxecto de que a formulación metodolóxica desta Adaptación sexa coherente coa programación didáctica xa desenvolvida no que vai de curso na área de Lingua Castelá e Literatura, e potencia o enfoque baseado nas competencias básicas, seguiremos as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Priorizar a reflexión e o pensamento crítico do alumnado, así como a aplicación do coñecemento, do aprender a aprender a través de estratexias cognitivas (**cunha especial incidencia na autoxestión e no proceso de interacción entre docente e discentes vía internet**).

- Propor diferentes situacións de ensino-aprendizaxe que poñan en marcha no alumnado procesos cognitivos variados e que potencien a metacognición: que sexan conscientes do que fan, por que o fan e como se organizan (**de novo, aspecto metodolóxico crucial durante o estado de alarma, polo que se propoñen actividades que impliquen unha demanda especial de xestión por parte do propio alumnado**).

- Contextualización das aprendizaxes (**tal e como sinalamos ao respecto dos contidos, potenciamos no referido aos talleres de escritura a reflexión sobre a situación derivada pola pandemia da COVID-19, con procura de información por parte dos alumnos, reflexión sobre a mesma e expresión escrita; ademais da contextualización de aprendizaxes inseridas no proxecto anual da volta ao mundo**).

- Utilización de diferentes estratexias metodolóxicas, con especial relevancia do traballo a partir de situacións-problema.
- Alternancia de diferentes tipos de actuacións, actividades e situacións de aprendizaxe, tendo en conta as motivacións e os intereses do alumnado **(así como as posibilidades de conectividade e os recursos informáticos e telemáticos de cada familia)**.
- Potenciación dunha metodoloxía investigativa que utilice todos os recursos ao seu alcance, e moi especialmente as TICs **(en liña co expresado no anterior punto, potenciando o xa desenvolvido na aula por medio dos recursos Abalar, e animando a familias e alumnos á utilización do libro dixital da editorial Vicens Vives, posto en aberto para este terceiro trimestre, o cal nos ofrece a oportunidade de practicar a utilización do mesmo, mellorar as competencias dixitais e de autoxestión, e afianzar a autoaprendizaxe)**.
- Potenciación da lectura e do tratamento da información como estratexia de aprendizaxe: realización de traballos guiados nos que prime a autonomía persoal do alumno á hora de estruturar e construír a información.
- Busca, selección e elaboración de materiais curriculares diversos **(aspecto especialmente relevante neste trimestre, polo cal teremos que recorrer en moitos momentos a contidos en liña para desenvolver as actividades desta programación. O Taller de cinematógrafo é un bo exemplo, pois fronte ao visionado en grupo das películas no centro, agora teremos que subministrar aos alumnos ligazóns web (YouTube) nas que os alumnos poidan seguir as actividades propostas. No momento de realizar a Adaptación desta programación, tras case dous meses de confinamento e ensino-aprendizaxe en liña, constatamos que estas actividades e o acceso a estes recursos están sendo cumpridos maioritariamente)**.

## 5.2. Recursos didácticos e organizativos.

Os recursos didácticos dos que se dispoñemos son:

- Libro do alumno, da editorial Vicens Vives, área Lingua Castelá e Literatura **(tal e como especificamos nos contidos a desenvolver nesta Adaptación da programación, para o terceiro trimestre quedan 5 temas, dos cales se retiran os contidos máis complexos de asimilar sen presenza na aula, que serán incorporados no vindeiro curso. Por outra banda, engádese a posibilidade de que o seguimento do libro sexa tanto en formato dixital como en papel, para o cal o centro e o Concello de Touro posibilitaron o reparto dos libros que quedaran no colexio entre as familias que así o solicitaron. Polo tanto, as actividades programadas semanalmente polo docente son especificadas en ambos os dous formatos: tanto as páxinas e exercicios do libro de papel como os apartados e actividades específicas do libro dixital, para potenciar a convivencia dos dous formatos segundo cada familia teña a ben. Incorpórase, asemade, a posibilidade de autocorrección no libro dixital, coas vantaxes que supón de rapidez de cara á retroalimentación do ensino)**.
- Cadernos de actividades.

- Ordenadores portátiles (**e teléfonos móviles, segundo a dispoñibilidade de cada familia para acceder á teleformación. A titora do grupo contactou individualmente con cada familia de cara a coñecer a posibilidade de cada alumno e alumna no acceso á rede, as actividades propostas e ao intercambio de información didáctica cos docentes. Aplícanse os resultados de ditas pescudas para individualizar o trato e a situación de cada discente**).

- Películas que consideremos formativas e artisticamente relevantes para a formación do alumno, poñendo especial fincapé no feito de que estas colaboren á educación en valores e contidos transversais (**tal e como xa se indicou, trabállase con ligazóns en internet para que os alumnos e as alumnas poidan seguir o Taller de cine desde cadansúa casa. Tentarase, na medida do posible, seleccionar na rede (YouTube) aqueles filmes de boa calidade de imaxe e versión orixinal subtitulada como é norma do feito nos primeiros dous trimestres**).

- Enderezos da Internet. Cada tema dispón de enderezos que serven para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema (**esta utilización de enderezos web refórzase durante o período de confinamento para ampliar actividades**).

- Dicionarios (**en liña**).

**Polo que respecta á organización de horarios, formulamos para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 algunhas precisións:**

- Neste terceiro trimestre, e a pesares de que o ensino é telemático, estamos a procurar manter a distribución horaria semanal da área de Lingua Castelá e Literatura en 5º curso do C.P.I. Fonte Díaz; e dicir: **6 sesións semanais\*, sumando 300 minutos de traballo** (aínda coas dificultades que isto supón polos diferentes ritmos de traballo de cada alumno na casa; mais a idea é a de axustarse a unha carga de traballo o máis próxima posible á que terían no centro). **Deste xeito, propóñense actividades relacionadas co libro ou co reforzo de Lingua Castelá e Literatura o luns, o martes, o xoves e o venres \*(mentres que o mércores se agrupan, como acontecía na aula, dúas sesións de 50 minutos dedicadas ás actividades de lectura e escritura a partir dun obradoiro de cinema)**. En mércores alternos \*(e abrangendo tamén a hora de lectura de galego), os alumnos verán unha película (en versión orixinal subtitulada) e no seguinte mércores procederán a realizar traballos sobre a mesma: busca e lectura de información na rede sobre cada filme, escritura do resume, da valoración e dun final inventado. Dado que o curso 2019-2020 está dedicado no noso centro á temática de "A volta ao mundo", tentaremos promover a diversidade de nacionalidades e linguas no noso taller de cinema, tal e como especificamos na presentación desta programación. **Asemade, e como comezamos a desenvolver no segundo trimestre, realizaremos para cada unha destas películas, a partir do traballo desenvolvido polos alumnos no seu caderno, un programa de radio guionizado polos propios alumnos**. Cada alumno realizará unha gravación en audio do seu traballo que enviará ao docente para que este edite o traballo de cada alumno de cara á publicación dos programas de radio, tal e como xa se leva feito en diversas ocasión durante o confinamento.

- Mediante reunións periódicas a través de videoconferencias cos restantes docentes do 5º curso, coa Xefatura de Estudos, coa Dirección e co Departamento de Orientación buscarase realizar non só un seguimento de dificultades de



aprendizaxe senón un seguimento do grao de conexión do alumnado á teleformación, procurando solución de non existir ese contacto.

### **5.3. Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe.**

#### **5.3.1. Actividades referidas ao libro.**

De novo, seguindo os temas do libro do alumnado, temos que detallar as seguintes actividades e estratexias que pormenorizadamente serían, para este terceiro trimestre (cómpre salientar, de novo, que son retiradas as actividades do bloque de gramática (verbos, adverbios, tipos de oracións...) pola súa dificultade):

#### **Tema 11**

O tema comeza coa lectura comprensiva e expresiva de varios poemas. Seguidamente, realízase unha análise pormenorizada de todos os textos poéticos a partir da realización dunha serie de actividades de comprensión lectora.

Proséguese co coñecemento e uso das locucións e coa procura de diferentes locucións no dicionario.

Seguidamente trabállanse as pautas básicas para recitar con expresividade un texto poético e analízanse os aspectos básicos necesarios para redactar correctamente textos poéticos.

Tamén se reforza a técnica do resumo para sintetizar as informacións dun texto. Para acabar, os alumnos estimularán o enxeño e o razoamento lóxico e exercitarán a atención visual e a eficacia lectora.

#### **Tema 12**

Realízase a lectura e a análise de varias noticias, realizando as correspondentes actividades de comprensión lectora e identificando as partes das que consta.

Polo que respecta ao vocabulario, amplíase o léxico co coñecemento dunha serie de frases feitas.

O tema continúa ofrecendo pautas para distinguir e elaborar textos para expresar opinións e informar, prestándolles unha especial atención ás diferenzas entre os dous tipos de textos.

O tema propón a invención tanto do titular como do texto dunha noticia, a análise da información contida nunha audición e o comentario das características de diversos medios de comunicación.

Proseguirase coa elaboración dun esquema de claves que sintetice o contido dun texto expositivo.

Os alumnos deben estimular o enxeño e o razoamento lóxico e exercitar a memoria, a rapidez e a eficacia lectoras. Hai unha serie de actividades adscritas a practicar estas habilidades.

#### **Tema 13**

O tema comeza cunha reflexión en torno ás características dunha vivenda confortable partindo da análise das ilustracións que acompañan un relato. Logo proseguirase coa lectura do texto e a súa análise a partir dunha serie de actividades de comprensión lectora.

Polo que respecta á ortografía, fíxase a norma relativa á escritura de ll/y.

Desde o punto de vista do vocabulario, o alumnado familiarízase con diferentes refráns e o seu significado así como co uso dun dicionario de refráns.

O traballo de expresión escrita tamén se centrará na análise e redacción de eslógans e textos publicitarios.

Seguidamente, aprenderase a sintetizar información nun esquema de barras. Tamén se exercita a memoria, a rapidez e a eficacia lectoras.

#### **Tema 14**

Neste tema trabállase a capacidade de formular inferencias observando viñetas. Neste sentido, lese comprensivamente un cómic de tipo humorístico. Tamén se analiza a linguaxe do cómic e practícase a escritura. Neste sentido, interrelaciónanse códigos verbais e non verbais durante a lectura de cómics.

Logo recoñeceranse distintas palabras homófonas con b/v a partir do seu significado.

Como exercicio de léxico, hai que entender o significado dalgunhas onomatopeas.

Proseguirase coa elaboración de mapas conceptuais que sinteticen a información dun texto. Finalmente, inténtase estimular o enxeño e a creatividade e exercitar a atención, a rapidez e a eficacia lectoras. Son competencias transversais que se traballan ao longo de todos os temas.

#### **Tema 15**

O tema comeza cun amplo conxunto de textos expositivos relacionados co mundo das bibliotecas e as actividades que poden desenvolverse nunha biblioteca. Partindo destes textos realizarase unha ampla batería de actividades tanto de comprensión lectora como sobre as bibliotecas.

En relación ao léxico trabállase o libro e os seus principais elementos ou partes físicas.

A expresión oral centrarase en actividades de descrición e opinión persoal de libros.

Ao tempo que na sección de expresión escrita se traballará a elaboración dunha ficha de lectura dunha obra narrativa.

Concluirase coa elaboración dun titular a partir do contido dun texto expositivo e coa realización dalgunhas actividades para fomentar a axilidade e a eficacia lectora.

#### **5.3.2. Actividades de reforzo e complementarias.**

Asemade, e na procura de reforzar os contidos e a expresión escrita, así como a lectura informativa para textos escritos, **semanalmente facilitaráselle aos alumnos unha serie de actividades de reforzo e complementarias do seguinte tipo:**

- Elaboración de esquemas de claves, resúmenes e exercicios que repasen os contidos aprendidos nos primeiros dous trimestres.
- Redaccións e composicións escritas en forma de diarios de confinamento, así como investigacións por medio de prensa e internet sobre os aspectos científicos e de convivencia relacionados coa situación que estamos a vivir por mor da COVID-19. Parte destes escritos son utilizados para a gravación de programas de radio.
- Obras de teatro, nas que lles estamos a invitar no só a incluír aos membros da súa familia no reparto da obra, senón a que as escenifiquen na casa facendo partícipes ás familias das actividades educativas dos alumnos e alumnas.
- Elaboración de guións de radio a partir do traballo nas horas de Lectura os mércores, de cara á gravación dos programas de radio que semanalmente vimos colgando na páxina web do colexio. Os propios alumnos serán os encargados de presentar e despedir os programas (despois dun primeiro programa realizado no confinamento no que o docente fixo estes apartados a modo de exemplo).

## 6. AVALIACIÓN

Tal e como indicou a Consellería de Educación, non será avaliable numericamente este terceiro trimestre, polo cal a avaliación do mesmo se realizará a efectos de retroalimentar a práctica docente, mais non de cara á obtención dunha nota numérica. De todos os xeitos, contéplase a valoración do traballo desenvolvido polos alumnos e alumnas para poder mellorar a nota dos primeiros trimestres, tal e como se especifica no apartado 6.2 desta Adaptación da programación didáctica.

### 6.1. Consideracións específicas para a obtención da nota numérica.

**Na área de Lingua Castelá e Literatura a nota final do curso 2019-2020 virá dada pola media aritmética das notas obtidas por cada alumno nos trimestres primeiro e segundo.** Como se especifica na programación do 7 de outubro de 2019 para este grupo de 5º de Primaria, a nota numérica final de cada un deses trimestres (esixida na LOMCE como baremo de avaliación e expresada neste caso sobre 10 puntos como máximo) obtívose dunha media na que se recolleron e sumaron os seguintes documentos de traballo dos alumnos:

**Exames e probas** realizadas ao longo do trimestre para avaliar a consecución dos estándares de aprendizaxe sinalados no currículo oficial para a promoción de curso: **8 puntos sobre 10 do total.** Nestas probas buscamos que as preguntas e actividades presentados aos alumnos teñan unha correspondencia clara e medible cos estándares de aprendizaxe para termos a final do curso unha porcentaxe suficientemente cuantificable para decidirmos a promoción. Estes exames e probas estarán valorados sobre 10 puntos. Posteriormente, farase una media dos exames e probas de cada trimestre, e á dita media faráselle unha regra de tres para atopar o valor correspondente sobre 8 puntos, que é a parte da nota total que corresponde a exames e probas. Á media axustada sobre 8 dos exames de cada trimestre sumaráselle a puntuación do caderno persoal de cada alumno e das observacións relacionadas co comportamento e actitudes para termos a nota numérica final do trimestre.

**Caderno persoal. 1 punto sobre 10 do total.** Cada día que o alumno non presente a totalidade do traballo no caderno realizado, descontaranse **0,1 puntos** neste apartado ata chegar ao 0 como valor mínimo para computar na suma coa media dos exames e probas para medir a consecución dos estándares de aprendizaxe, así como co baremo relacionado coas actitudes.

**Comportamento, participación e actitude cara á consolidación na aula da competencia para a xestión da aprendizaxe. 1 punto sobre 10 do total.** Levaremos un rexistro coas incidencias relativas ao aspecto actitucional do alumnado na nosa área. Partindo dun punto inicial, cada falta como motivo de indisciplina, desatención ou ausencia/obstaculización do traballo na aula será penalizada con **0,1 puntos** neste apartado ata chegar ao 0 como valor mínimo para computar na suma coa media dos exames e probas para medir a consecución dos estándares de aprendizaxe, así como co caderno persoal.

Tendo en conta todos os aspectos mencionados con respecto á obtención da nota media numérica de cada alumno nos respectivos dous primeiros trimestres, estableceranse as seguintes cualificacións:

**Sobresaínte: 8'5 - 10 puntos**

**Notable: 7 - 8'49 puntos**

**Ben: 6 - 6'99 puntos**

**Suficiente: 5 - 5'99 puntos**

**Insuficiente: 0 - 4'99 puntos.**

## **6.2. Consideracións específicas para o terceiro trimestre na nota numérica.**

Tal e como se especifica no apartado 6.1., a nota numérica final do curso 2019-2020 vén dada pola media dos dous primeiros trimestres. Agora ben:

**O docente realizará un rexistro das actividades feitas polos alumnos durante o terceiro trimestre:** as recollidas no apartado 5.3. desta programación, recollendo o grao de cumprimento das actividades por parte dos alumnos. **Se o cumprimento destas actividades se constata en máis dun 50% das tarefas realizadas (polo tanto, un seguimento maioritario da programación de ensino telemático) efectuarase un redondeo á alza da nota media dos dous primeiros trimestres ata o seguinte número enteiro sobre 10 (aqueles alumnos que teñan, por exemplo, un 6,3, se realizan a maior parte das tarefas neste terceiro trimestre subirían a súa nota a un 7).**

**En ningún caso as actividades de ensino-aprendizaxe do terceiro trimestre, dada a situación que estamos a vivir, baixarán a nota media acadada polo alumnado;** a variación na nota numérica final será, polo tanto, positiva conforme ao especificado neste apartado da Adaptación da programación.

## **6.3. Recuperación e reforzos ante unha avaliación negativa.**

Unha vez calculadas as notas numéricas medias de cada alumno no grupo clase, constátase que non existe ningún suspenso de cara á avaliación final no presente curso escolar 2019-2020. Si houbo suspensos no primeiro trimestre, para os cales se efectuou o correspondente reforzo e seguimento no segundo trimestre, no cal aprobaron a área, polo cal non é preciso sinalar recuperación, reforzos nin é preciso establecer unha convocatoria extraordinaria de setembro para este grupo-clase de 5º.

## **7. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DA PRESENTE ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN.**

Ao longo deste terceiro trimestre as vías de contacto coas familias están a ser:

- A páxina web do centro, na que se publican, polo que se refire a esta área de Lingua Castelá e Literatura, as actividades semanais recollidas no apartado 5.3 en formato PDF (tal como se ve no anexo).
- A mensaxería Abalar, tanto para comunicacións grupais como para comunicacións individuais.
- O correo corporativo da Xunta do propio docente.

Asemade, co alumnado, emprégase, ademais da páxina web e do correo corporativo, a plataforma virtual *Classroom*.

Polo tanto, tendo en consideración que estas están a ser as canles habituais de comunicación do docente coas familias e co alumnado, **a publicación desta Adaptación de programación didáctica de Lingua Castelá e Literatura para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 no grupo de 5º de Educación Primaria do C.P.I. Fonte Díaz realizarase na páxina web do colexio.**

**A maiores, o docente comunicará ás familias a través de Abalar a propia publicación desta Adaptación, así como especificará o referido ao apartado 6 da mesma, sobre a Avaliación, tanto o que se refire á obtención da nota final como á posibilidade de acceder ao citado redondeo á alza por medio dun traballo maioritario das actividades formuladas no apartado 5.3.**

**O cal non exime de que as citadas canles de comunicación coas familias, unha vez publicada a Adaptación na páxina web do centro, permitan a estas calquera aclaración tanto da propia Adaptación como do caso concreto de cada alumno, na liña de titorización telemática que estamos a desenvolver neste terceiro trimestre.**

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020  
Francisco Yáñez Calviño

## 8. ANEXOS.

A continuación presentamos ligazóns aos programas de radio colgados na páxina web do centro, nos que se pode comprobar xa o resultado dos traballos especificados no apartado 5.3.2. da programación:

[https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/system/files/PROGRAMA\\_RADIO\\_EL\\_GABINETE\\_DEL\\_DOCTOR\\_CALIGARI.mp3](https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/system/files/PROGRAMA_RADIO_EL_GABINETE_DEL_DOCTOR_CALIGARI.mp3)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/system/files/Programa%20de%20radio%20LUCES%20DE%20LA%20CIUDAD.mp3>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/system/files/PROGRAMA%20RADIO%20EL%20MAQUINISTA%20DE%20LA%20GENERAL.mp3>

Asemade, incorporamos neste anexo unha das follas cos modelos de tarefas semanais colgadas na páxina web do centro para Lingua Castelá e Literatura de 5º de Primaria, a correspondente coa semana actual na que se presenta esta Adaptación da programación didáctica. Todas elas están dispoñibles en:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/>

Con ligazóns PDF deste tipo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/system/files/Actividades%20Castellano%205%20curso%20de%20Primaria%20C%20semana%20del%205%20al%208%20de%20mayo.pdf>

e publicación de actividades do seguinte xeito:

# LENGUA CASTELLANA

## 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### C.P.I. FONTE DÍAZ

Actividades para la semana escolar del **5 al 8 de mayo**. Todas las actividades están referidas al libro 5.3 de LENGUA CASTELLANA de la editorial Vicens Vives). Como os había contado, podéis hacer las actividades tanto en el libro de papel como en el libro digital de Lengua castellana; así que cada día os expongo por duplicado tanto las páginas que tocan para el papel como el enlace de internet para el digital.

## **MARTES 5:**

- Libro de papel: **páginas 195 y 196.**

- Libro digital: **Tema 11, tablas de contenidos 6 y 7**, enlaces de acceso:

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/lengua5/program/index.html#/ap?l=375&t=62512&a=63441>

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/lengua5/program/index.html#/ap?l=375&t=62512&a=63442>

Ejercicios **47, 49, 50 y 51 en la libreta.**

## **MIÉRCOLES 6:**

Tras haber visto, el pasado miércoles, la película de Luis Buñuel *Robinson Crusoe* (1954), hoy toca trabajo de escritura sobre ella, así que ya sabéis:

- Ficha, con el cartelito, si lo podéis buscar e imprimir (fijaos bien que sea de la película de Buñuel, pues se han hecho más películas sobre este libro). Éste cartel valdría:

<https://elhogardelaspalabras.blogspot.com/2012/10/robinson-crusoe-1954-de-luis-bunuel-el.html>

- Resumen.

- Valoración.

- Final inventado.

Si alguien no la ha podido ver, puede hacer la ficha y un resumen a partir de lo que encuentre en internet.

Y os repito lo que os dije hace una semana: a ver si alguna o alguno se anima a leer el libro en el que la película está basada: *Robinson Crusoe* (1719), de Daniel Defoe.

**OJO: no hagáis grabaciones, pues de esta película no haremos programa, ya que hay que dejar sitio para el del diario del confinamiento.**

## **JUEVES 7:**

- Libro de papel: **páginas 197, 198 y 199.**

- Libro digital: **Tema 11, tablas de contenidos P, A (la primera A) y C** enlaces de acceso:

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/lengua5/program/index.html#/ap?l=375&t=62512&a=63443>

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/lengua5/program/index.html#/ap?l=375&t=62512&a=63444>

<http://pdi.vicensvives.com/pdi/lengua5/program/index.html#/ap?l=375&t=62512&a=63445>

Ejercicios **57 y 59 en la libreta.**

Ejercicios **52, 53, 56 y 60 en el libro digital**, quien lo tenga (no os olvidéis, al acabar, de **autocorregir** abajo -si hay autocorrección disponible-); **quien tenga el libro de papel, en la libreta.**

### **VIERNES 8:**

Este viernes vamos a realizar un taller de poesía con dos actividades:

1. Busca en los libros que tengas en casa, o en internet, dos poemas que te gusten. Han de tener, por lo menos, doce versos (como sabes, cada renglón de un poema se llama verso). Los lees varias veces, primero en voz baja; después, en voz alta, y al terminar, cuando hayas encontrado el ritmo y la pronunciación adecuados, lo puedes grabar y me lo envías al correo electrónico:

pacoyc@edu.xunta.es

ya que después del programa sobre el diario del confinamiento haremos un programa de poemas con vuestras grabaciones.

2. Escribe un poema **inventado por ti** de, al menos, 12 versos. Procura que haya rimas entre algunos de esos versos. Después, lo lees igual que los poemas del ejercicio 1, varias veces hasta hacerlo bien, y si te apetece compartirlo, lo grabas y me lo envías. Yo también leeré alguno de los míos para ese programa.

**En las grabaciones, di antes tu nombre y al autor del poema que lees.**

De nuevo, recordad que en las actividades del martes y del jueves cada uno debe atender sólo a lo que le toca según tenga libro de papel o libro digital, pero que las actividades son las mismas para todos, tienen los mismos números. En todo caso, **para cualquier duda, me escribís.**

Deseando veros a todos de nuevo, cuidaos mucho y recibid un abrazo,

Paco